

CERTAME COOPERATIVISMO NO ENSINO

CONVOCA

Consellería de Traballo e Benestar

OBXECTO

Convocatoria dun concurso para estimular e apoiar aos axentes que interveñen nos procesos de xeración de proxectos empresariais, en especial nos proxectos ligados ao ámbito local, para que no seu labor de técnicos/as no asesoramento e impulso de proxectos fomenten o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento local en Galicia.

BENEFICIARIOS

As persoas físicas pertencentes a colectivos tales como axentes de desenvolvemento local, axentes de extensión pesqueira, de extensión agraria, técnicos/as de emprego, técnicos/as de grupos de acción local, orientadores/as educativos e laborais, técnicos/as das consellerías do Mar, de Medio Rural e de Traballo e Benestar, así como técnicos/as das asociacións de cooperativas e asesores e consultores de cooperativas. Así mesmo, o concurso estará aberto a todas as persoas físicas, maiores de idade e de calquera nacionalidade, impulsores de proxectos empresariais cooperativos.

CODALIDADES

Outórgase un único premio de 7.000 euros, dos cales 4.000 euros entregaranse tras a resolución do tribunal, e 3.000 euros entregaranse tras a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto; será preciso xuntar a documentación acreditativa que xustifique, como mínimo, a conformación do grupo promotor do proxecto, coa relación de nomes e apelidos e a acta da súa primeira reunión..

PRAZO

Ata o 16/05/2011

NORMATIVA

Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do concurso de iniciativas de proxectos empresariais cooperativos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.. (DOG nº 59, do 24 de marzo de 2011)

ENLACE

Enlace á normativa:

[Concurso de iniciativas de proxectos empresariais cooperativos](#)